| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma. |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. |
| CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícaronse os principais elementos que o integran. |
| CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral. |
| CA2.10 Identifícaronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. |
| CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución. |
| CA2.12 Identifícaronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo. |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>0Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.</p> |

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 10 | O traballo en equipo. | 6 |

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización. | SI |

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. |
| CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. |
| CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo. |
| CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. |
| CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. |
| CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. |
| CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. |

4.10.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. |
| Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. |
| Equipos no sector informático e das comunicacións segundo as funcións que desempeñen. |
| Dinámicas de grupo. |
| Equipos de traballo eficaces e eficientes. |
| Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade. |

| Contidos |
|---|
| <p>Conflicto: características, tipos, causas e etapas.</p> <p>Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.</p> |

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 11 | Busqueda de emprego | 12 |

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | SI |

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. |
| CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. |
| CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. |
| CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. |
| CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma. |
| CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. |
| CA4.7 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma. |
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. |

Crterios de avaliación

CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.11.e) Contidos**Contidos**

Cofieceremento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.

Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Proceso de toma de decisións.

Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A profesora porá a disposición do alumnado a través da plataforma virtual, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta. Sendo en todo caso facilmente accesible (aula virtual, páxina web do centro, etc).

MÍNIMOS ESIXIBLES: Serán mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva os seguintes contidos:

- Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
- Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.

- Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
- Analizar os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector
- Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Clasificar e describir os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional.
- Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación do ciclo formativo
- Levar a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
- Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Establecer o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
- Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- Analizar as principais modalidades de contratación e identificar as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

- Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional
- Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran.
- Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Identificar os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- Identificar as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
- Delimitar o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
- Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- Determinar as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Tomar conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
- Diseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
- Determinar as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación.
- Empregar adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

No proceso de avaliación continua, o módulo divídese en 3 avaliacións (unha por trimestre) durante as cales levaranse a cabo unha serie de actividades de avaliación co obxecto de coñecer e valorar o traballo do alumnado e o grao no que se van logrando os obxectivos previstos durante o proceso ensinanza aprendizaxe, e cuantifica o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe.

O alumnado, a través dos contidos que se ofrecen o longo do curso, irá adquirindo os conceptos básicos para introducirse no módulo. As actividades de autoavaliación e as tarefas afianzarán e concretarán o seu aprendizaxe funcional.

Suscitarase o debate e a posta en común de ideas, mediante a participación activa do alumnado a través dos foros e do correo, respetando a pluralidade de opinión.

Propiciarase que o alumnado sexa suxeito activo do su propio aprendizaxe, procurando igualmente fomentar o traballo e a participación.

Cada unidade leva implícitas actividades e tarefas para avaliar de forma continua. En cada actividade ou tarefa haberá que respetar a data límite de entrega das actividades de cada unidade.

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE CUALIFICACIÓN:

Como instrumentos de avaliación considéranse os seguintes:

- . Actividades entregadas (son de carácter voluntario)
- . Probas teórico-prácticas presencias para cada avaliación parcial.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

O proceso de avaliación levarase a cabo ao longo de todo o período que comprende o curso, sendo o resultado a media aritmética da suma dunha serie de compoñentes, ponderadas porcentualmente segundo o seguinte detalle, que será tido en conta en cada un dos trimestres:

- . Probas presenciais (teórico-prácticas): 90% (será necesario como mínimo un 5 sobre 10 para realizar a media co seguinte apartado).
- . Tarefas entregadas a través da plataforma de teleformación (son de carácter voluntario): 10%.

A nota final de cada avaliación corresponderase cun 90% da nota da proba presencial de avaliación e un 10% da media aritmética das notas das tarefas entregadas. Independentemente do cálculo anterior, se non se chega a un 5 na nota da proba presencial de avaliación, a nota máxima da avaliación

será 4.

A ponderación indicada anteriormente farase para cada un dos 3 trimestres.

Para que as tarefas se valoren nos períodos indicados das avaliacións parciais deberán ser enviadas a través da plataforma antes da data fixada para a proba teórico-práctica presencial. Para entregas fora de prazo, a nota máxima será dun 5, aínda que a solución sexa correcta e sempre a criterio da docente.

Se se detecta que algunha tarefa é un plaxio, a nota de dita tarefa será dun 0.

Será necesario superar cada un das partes que componen o módulo para a avaliación positiva no mesmo. Considerarase aprobada a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

A nota final do módulo será a media das notas correspondentes ás 3 avaliacións, no suposto que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5 sobre 10).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se un alumno/a non supera unha avaliación, despois de sumar as notas acadadas nas probas presenciais e actividades, isto é, se non acadase a nota de CINCO aplicando os criterios antes mencionados, deberá acudir ao exame de recuperación desa avaliación.

As probas de recuperación se puntuarán sobre 10 puntos, e se considerará que o alumno/a recuperou cando acade unha cualificación mínima de 5 puntos.

Realizarase unha única proba de recuperación por avaliación e unha última proba final de recuperación de toda a materia para alumnos que non superaran algunha avaliación.

As probas de recuperación consistirán na realización dun exame escrito. Na recuperación de cada unha das avaliacións ou na recuperación da totalidade do módulo será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para o aprobado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Está prevista unha proba extraordinaria de avaliación ao finalizar o curso, nunha data a convir no mes de xuño.

Será unha proba escrita de toda a materia dada durante o curso e, co mesmo nivel de esixencia en canto aos coñecementos, que o que se lles esixiu aos alumnos que fixeron as tres avaliacións. Esixirase unha calificación mínima de 5 para superar o módulo.

A proba, por escrito, constará de dous partes: teórica e práctica.

1.- Parte teórica: Contestación a preguntas tipo test do temario do módulo. Por cada tres respostas incorrectas, descontarase unha correcta.

2.- Parte práctica: Resolución de algúns supostos prácticos, das seguintes materias:

- Prevención de riscos laborais (factores de riscos, danos, medidas a aplicar...)
- Relacións laborais (contratación, nóminas, extinción...)
- Seguridade Social (supostos relacionados cas prestacións principais)
- Orientación Laboral (CV, entrevista, itinerarios...)

En cada suposto práctico indícarase o valor do mesmo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía do proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre que o profesorado estableza un procedemento de seguimento da Programación que ten que basearse na revisión de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida.

- Mensualmente comprobarase que se cumpren os prazos da programación, e no seu caso revisaranse as oportunas programacións de aula a fin de permitir regularizar a situación o antes posible.
- Trimestralmente comprobarase que os alumnos adquiriron os resultados de aprendizaxe de cada bloque temático e no seu caso programaranse actividades de recuperación e reforzo.
- Ao final do curso realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.

- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A profesora dará ao alumnado, a través de plataforma virtual, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta. Sendo en todo caso facilmente accesible (biblioteca, páxina web, aula virtual etc).

Distínguense tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

- 1.- A inicial, que se realiza ao comezo do curso.
- 2.- A formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
- 3.- A final, ao final do curso, resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua

- Avaliación Inicial:

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Ao comezo das clases, realizarase una pequena presentación dos alumnos a través do foro correspondente, que facilite o profesor facer una valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que permita coñecer a súa situación inicial de

coñecementos.

- Avaliación Formativa:

Desenvólvese ao longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula virtual.

Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

- Avaliación Final:

A avaliación final realizarase como se indica no apartado 5.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cómpre que calquera alumno ou alumna poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten, de forma significativa, á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Por tratarse dun módulo a distancia non están previstas, a priori, medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda aos obxectivos programados. De todos xeitos, facilitaráselle en todo o posible a realización, a través do foro, de todas as consultas que estimen oportunas para que poidan acadar os devantitos obxectivos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral inclúese dentro dos módulos profesionais transversais, polo tanto este módulo xa é un conxunto de temas transversais. Non obstante o anterior e como complemento da programación do módulo de FOL, ao longo do curso trataranse algúns dos seguintes temas, xa sexa a modo de debate, coloquio ou como tema obxecto de traballo por parte dos alumnos, traballo que realizarán a modo de actividade complementaria:

- O medio ambiente como patrimonio común.
- Respecto pola seguridade e a saúde tanto persoal como colectiva.
- A igualdade e a solidariedade.
- A ética profesional.
- A economía de mercado.
- A construción da Unión Europea.

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada coas cuestións de desenvolvemento respectuoso co medio, xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e

seguridade.

- Educación para a Saúde, especialmente fomentando a prevención de riscos laborais nos lugares de traballo.

- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc...así como, valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

- Día do emprendedor, prestarase atención, na medida do posible, á celebración de actos na localidade organizados por entidades empresariais, cámara de Comercio, Asociacións de emprendedores, etc, para fomentar o encontro con persoas dedicadas ao mundo do negocio, que poidan transmitir experiencias no campo da creación de empresas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderáse contar con charlas, conferencias (expertos de empresas, BIC-Galicia, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas do entorno.

Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello social. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación.

10.Outros apartados

10.1) Exposición da programación

A docente fará a presentación do módulo e lle pedirá ao alumnado que tamén faga a súa presentación a través do foro.

Nas primeiras sesións de clase, o alumando será informado pola profesora dos puntos máis salientables da programación: unidades , metodoloxía, criterios de avaliación e cualificación , etc.

Terase acceso á programación na páxina web do centro e haberá un resumo da mesma na aula virtual.